

# Cuestións xeopolíticas despois da retirada de Estados Unidos de Afganistán

**Bichara Khader**

*Profesor emérito da Universidade Católica de Lovaina*

**RESUMO:** A retirada estadounidense de Afganistán e o retorno dos talibáns a Cabul en agosto de 2021 suscitaron reaccións contrastadas: asombro e estrañeza en Occidente, consternación nos aliados de Estados Unidos, satisfacción tinguida de preocupación nos países limítrofes ou próximos a Afganistán, e mesmo xúbilo nos círculos xihadistas. Estas reaccións son a proba de que o desastre estadounidense en Afganistán é un acontecemento de considerable importancia porque cambia o equilibrio de poder e baralla as cartas a escala rexional e internacional. Tras lembrar brevemente a historia de Afganistán, este texto analiza as repercusións xeopolíticas da retirada estadounidense nos países fronteirizos con Afganistán e nos países próximos e afastados

**Palabras chave:** *state-building*, Talibáns, *destructive creation*, xeopolítica, Bin Laden

**RÉSUMÉ:** Le retrait américain d'Afghanistan et le retour des Talibans à Kaboul, en août 2021, ont suscité des réactions contrastées: stupeur et sidération en Occident, désarroi dans les pays alliés de l'Amérique, une satisfaction teintée d'inquiétude dans les pays frontaliers ou proches de l'Afghanistan, voire une liesse dans les milieux jihadistes. Ces réactions constituent la preuve que la débâcle américaine en Afghanistan constitue un événement d'une portée considérable car elle modifie les rapports de force et rebat les cartes à l'échelle régionale et internationale. Après avoir rappelé brièvement l'histoire de l'Afghanistan, ce texte analyse les répercussions géopolitiques du retrait américain sur les pays frontaliers de l'Afghanistan et sur les pays proches et lointains.

**Mots clés:** *state-building*, Talibans, *destructive creation*, geopolítica, Bin Laden

**ABSTRACT:** The hasty and chaotic withdrawal of the USA from Afghanistan and the swift return of the Taliban to power, in August 2021, have triggered differentiated reactions: shock and disbelief in the West, disarray among America's regional allies, satisfaction in Russia and China, fears and concerns in the Neighbouring countries of Afghanistan and even jubilation in the ranks of Djihadi movements in the Middle East, in the Sahel and elsewhere. This is ample proof that the American « débâcle » in Afghanistan is a momentous event which will have significant repercussions in the balance of power, and reshuffle geopolitical cards. The paper describes briefly the history of Afghanistan before the American invasion in the first part before embarking on the analysis of the impact of the American withdrawal and the return of the Taliban on the regional and international geopolitics.

**Keywords:** *state-building*, Taliban, *destructive creation*, geopolitics, Bin Laden

## 1. Introducción

---

A retirada desordeada e caótica do exército estadounidense e das tropas da OTAN, a vitoria lóstrego dos talibáns e a calamitosa caída do goberno afgán puxeron a Afganistán nos titulares desde agosto do 2021.

O desenvolvemento dos acontecementos causou conmoción y temor en Occidente, gran consternación nos aliados de Estados Unidos, satisfacción tinguida de preocupación nos veciños de Afganistán, e incluso xúbilo en las filas de los grupos xihadistas diseminados por Oriente Medio, Asia Central e incluso la rexión del Sahel.

Estas reaccións contrastadas son a proba de que o desastre estadounidense en Afganistán é un acontecemento de considerable importancia porque cambia o equilibrio dos poderes e baralla as cartas a escala rexional e internacional.

Este texto pretende demostrar por que Afganistán, un país atrapado e rudo, estivo no centro da «gran partida» das potencias desde a súa creación, que a miúdo se viu cobizado ou conquistado, sen chegar a ser sometido, como demostran a invasión e a derrota soviética entre 1979 e 1989 e a invasión e posterior retirada sen éxito de Estados Unidos (2001-2021).

Tras una breve descrición xeográfica e histórica de Afganistán desde a súa creación ata a invasión norteamericana na primeira parte, o texto propónse, en la segunda, descifrar os reveses das alianzas, os xogos de influencia e os cambios de equilibrio tras a retirada norteamericana e o retorno dos talibáns ao poder en agosto de 2021.

## 2. Empecemos ca xeografía

---

Afganistán, cos seus 651.000 kms<sup>2</sup>, é tan grande como Francia. Sen ter acceso ao mar, é un país nun lugar clave, atravesado por altas montañas, ás veces infranqueables de non ser por certos pasos e raras estradas por tuneles, con grandes estepas desérticas e vales agrícolas, con case 235.000 hectáreas dedicadas ao cultivo da durmideira.

O país está rodeado por moitos veciños ao longo de 5.529 km, pois a fronteira con Paquistán esténdese por 2.450km, 1.206 km con Taxikistán, 935km con Irán, 744 km con Turkmenistán, 135 km con Uzbekistán e só 76 km con China.

Aínda que se describiu a Afganistán como unha fortaleza escarpada e asediada, foi tamén obxecto de cobizae rivalidade desde a súa constitución como Estado en 1747. Os británicos víano como un posible estado tapón entre Rusia e o Imperio da India e un corredor terrestre que enlazaba el Imperio da India con Persia e Oriente Medio, mentres que os rusos cobizábana como porta de entrada aos mares cálidos do Océano Índico. Isto explica o «gran xogo» que os rusos e os británicos xogaron ao longo do século XIX polo control de Afganistán.

O Estado afgán era demasiado débil no século XIX para opoñerse ás ambicións rusas e británicas. Foron los británicos quen, en 1893, estableceron as fronteiras de Afganistán co Imperio Indio ca chamada «Liña Durand», unha nova fronteira que dividiu ao pobo paxto en dous, recortou o territorio afgán nunha quinta parte e impediu a creación do Pashtunistán. Calcúlase que a poboación paxta en Afganistán supera os 25 millóns, é dicir, o 60 % da poboación total (40 millóns), e en Paquistán máis de 35 millóns, é dicir, o 15 % da poboación total paquistaní

(220 millóns). Esta división arbitraria por parte dos británicos da etnia paxta considérase «unha ferida sen cerrar»<sup>1</sup> aínda ata hoxe en día. Ademais, Afganistán foi o único país do mundo que non recoñeceu a independencia de Paquistán cando se separou da India en 1947, alegando que os as persoas desta etnia de ambos lados da fronteira constituían un só pobo.

Socialmente, Afganistán é un mosaico étnico e lingüístico, e a historia recente de Afganistán reflicte as rivalidades étnicas do país. Constituído primeiro como Emirato, Afganistán converteuse en monarquía en 1926. Amanullah Khan accedeu ao trono, pero foi destronado polo seu irmán Inayatullah Shah, quen reinou só tres días antes de que un líder tribal, Habbullah Kalakani, tomara o poder e restituíra o Emirato. Á súa vez, foi derrocado por un antigo ministro de guerra do anterior rei, Mohammad Nadir Shah, quen mandou a súa execución e restaurou o reino en outubro de 1929, con apoio británico. O seu fillo, Mohammad Zaher Shah, foi o seu sucesor en 1933 até a chegada da República en 1973.

Para protexer ao país das rivalidades entre as grandes potencias tras la Segunda Guerra Mundial, Afganistán únese ao Movemento dos Non Aliñados en Belgrado en 1961 mais, en realidade, como moitos outros países, oficialmente non aliñados, no puido frear a influencia da URSS, que adestrou aos cadros militares de Afganistán. Este foi o pretexto utilizado polo curmán do rei, o príncipe Daoud, para derrocar a monarquía e establecer a República de Afganistán en 1973, mais foi asasinado por oficiais comunistas. Estes avances provocaron unha forte resistencia nos círculos islamistas conservadores, que os consideraban un ataque ao Islam. O 27 de abril de 1978, os comunistas do Partido Democrático Popular de Afganistán proclamaron a República Democrática de Afganistán. Moscova viu con bos ollos o golpe de Estado comunista en Afganistán, mais o presidente Taraki e o seu rival, Hafizullah Amin, presidente do Consello Revolucionario, reprimiron con tanta dureza aos opositores que Moscova se mostrou contrariada, temendo que unha represión excesiva desestabilizara o país y acabara por facer fracasar o experimento comunista.

O 3 de xullo de 1979, o presidente Carter firmou a primeira directiva para axudar aos islamistas opostos ao réxime comunista de Cabul. Ao mesmo tempo, Irán, onde o réxime do Sha viña de ser derrocado a comezos do 1979, miraba con receo a instalación dun réxime comunista no seu flanco oriental. Sospeitase que a nova República Islámica de Irán contribuíu a desencadear o levantamento popular anticomunista na cidade afgá de Herat.

Neste contexto de Guerra Fría, os soviéticos deciden invadir Afganistán e o 25 de decembro de 1979 lanzouse a operación Storm-333. Dous días despois, o presidente do Consello Revolucionario, Hafizullah Amin, foi executado e substituído polo seu rival dentro do Partido Comunista Afgán, Babrak Karmal. Para xustificar a invasión, a URSS invocou ás numerosas peticións de intervención do goberno afgán. Na realidade, a URSS quería aproveitar o fracaso da estratexia estadounidense no Irán e a crise dos reféns estadounidenses en Teherán, para establecer un eixo Moscova-Cabul-Islamabad-Delhi e derrotar a estratexia estadounidense de control do océano Índico.

Estados Unidos, que en febreiro de 1979 perdera un valioso aliado, o Sha de Irán, estaba preocupado polo xiro dos acontecementos en Asia Central e vía a invasión soviética como un

<sup>1</sup> George Lefevre: in *Diplomatie* n.º111, setembro-outubro 2021, p. 93.

segundo revés xeoestratéxico. Incapaz de arriscarse a un enfrontamento directo cos soviéticos, Estados Unidos apoiou a resistencia islámica en Afganistán ca axuda de Paquistán, Arabia Saudita e outros países musulmáns. Os muxahidins musulmáns acudiron a Afganistán, financiados por Arabia Saudita, adestrados por Paquistán e armados por Estados Unidos. Entre estes «loitadores pola liberdade» (máis ou menos 10.000) encóntrase un tal Osama Bin Laden. Isto explica que Afganistán ocupe hoxe en día un lugar importante no imaxinario xihadista.

Os combates duran case 10 anos e ambos bandos sufriron grandes perdas. A resistencia afgá superou al formidable exército soviético, especialmente despois de que Estados Unidos subministrara aos insurxentes afgáns mísiles Stinger terra-aire de última xeración, cun alcance de 8.000 metros. As operacións aéreas soviéticas volvéronse máis arriscadas. En xuño de 1986, Mijail Gorbachev expresou a súa opinión no *politburo* cun «temos que saír de alí»<sup>2</sup> e decidiu retirar as tropas soviéticas. O 15 de febreiro de 1989, o xeneral Boris Gromov cruzou a pé a ponte de la «Amizade» sobre o río Amu Daria, sinalando o fin da presenza soviética en Afganistán.

Pódese discutir infinitamente sobre a relación entre a derrota soviética en Afganistán e o fin do réxime soviético pouco despois. A opinión predominante é que outras causas deron lugar á desintegración da URSS, pero que a derrota en Afganistán probablemente fixo que se acelerase. En calquera caso, a comezos de 1991 comezou o fin do sistema bipolar, pero certamente non é o fin da historia, como afirmara apresurada e inxenuamente o politólogo estadounidense Francis Fukuyama.

### 3. O primeiro poder dos talibáns (1996-2001)

A oposición islámica á invasión soviética está lonxe de estar unida. Os principais líderes da resistencia, Ahmad Shah Massoud e Gulbuddin Hekmatyar, estaban enfrontados; o primeiro, un taxico de fala persa e alcumado como «o León de Panshir», é partidario do islam moderado e conta co apoio de Occidente; o segundo, alcumado por Paquistán e Arabia Saudita, apoiase na etnia paxta e defende un islam radical. Segundo caeu o réxime comunista de Mohammad Najibullah en 1992, estalou unha guerra civil entre as distintas faccións islamistas. Os talibáns<sup>3</sup> gañaron rápidamente vantaxe ante a Alianza do Norte, dirixida por Massoud. O 27 de setembro de 1996, os talibáns entraron en Cabul e o país pasa a chamarse «Estado Islámico de Afganistán», no que o goberno talibán durou 5 anos, de 1996 a 2001.

Cando os talibáns tomaron o poder, Afganistán tiña 18 millóns de habitantes, era un 80 % rural e fora devastado en gran medida por 10 anos de ocupación soviética e 7 anos de loita fratricida.

Os talibáns impoñeron un estricto orden musulmán, no que as exaccións son terribles, con lapidacións e execucións públicas. As mulleres son o obxectivo principal, pois ás nenas prohibéselles ir á escola e as mulleres só poden saír cando están acompañadas polo marido ou o pai, ordéaselles levar *burka*, que oculta completamente o seu rostro e o seu corpo, e vense

2 Citado por Odd Arne Wastad: «Guerre froide: Gorbachev et la bascule de l'Union Soviétique», en *Diplomatie*, no.105, Setembro-Outubro 2020, páx. 93

3 En referencia ao cumio celebrado nos Azores o 14 de marzo de 2003 entre os tres líderes.

privadas de moitos traballos. A súa vez, destrúese o patrimonio preislámico de Afganistán. Os opositores son perseguidos e a miúdo simplemente liquidados. A pesar deste réxime de terror, os talibáns gozan de certa popularidade, especialmente nas zoas rurales que sufriran moito os excesos dos señores da guerra.

Os «muxahidins», que chegaron de outros países musulmáns para botarlle unha man á resistencia afgá contra a invasión soviética, retirouse a outros escenarios de conflito. Tras a invasión do Emirato de Kuwait polo exército de Saddam Hussein, o 2 de agosto de 1990, Bin Laden, o saudí, regresou a Arabia Saudita e ofreceu o apoio dos muxahidins para bloquear o camiño ao exército iraquí. Ante o temor dun contaxio xihadista, Arabia Saudita prefiere recorrer a Estados Unidos para garantir a súa seguridade. A presenza de soldados estadounidenses en territorio saudí é percibida por Bin Laden como unha «profanación» dos Lugares Santos do Islam. Ao sentirse ameazado, Bin Laden exiliouse en Sudán e regresou en 1996 a Afganistán, uns meses antes do retorno dos talibáns ao poder. Desde a súa «base» afgá (base significa *Al-Qaeda* en árabe), chamou á xihad contra Estados Unidos, considerado como o «inimigo lonxano», y acompañou as súas ameazas con atentados mortais contra as embaixadas estadounidenses en Nairobi y Dar es Salaam en 1998. O 9 de setembro, o protexido afgán de Estados Unidos, o comandante Massoud, morreu nun atentado e dous días despois, o 11 de setembro, tiveron lugar os espectaculares e mortais atentados contra o World Trade Center de Nueva York e o Pentágono de Washington.

Así, despois de contribuir á derrota do exército soviético, os islamistas de Al Qaeda volveron a súa vinganza contra Estados Unidos, a cal será terrible pero costosa.

#### **4. *Enduring freedom*: a invasión estadounidense de Afganistán**

Humillada polos atentados do 11 de setembro, Estados Unidos declara a guerra ao réxime talibán e encabeza unha coalición internacional comandada pola ONU.

Resumindo ao máximo, pódese afirmar que intensos bombardeos debilitaron a defensa dos talibáns e estes retiráronse en todas as fronteas. Aínda que fora privada do seu líder histórico (o comandante Massoud), a Alianza do Norte lanzou unha ofensiva sobre varias provincias de Afganistán a principios de novembro de 2001. O 10 de novembro tomouse Mazar-i-Sharif, a principal cidade do norte do país. O 13 de novembro, a capital, Cabul, caeu e o poder talibán derrubouse. Os principais líderes fuxiron a refuxios nas montañas ou a Paquistán, onde os talibán tiñan vínculos familiares cos paxtúns paquistanís e beneficiábanse de numerosos cómplices. Localizados, os membros da Al Qaida seguen os seus pasos e Bin Laden atrincheirouse no seu refuxio paquistaní, pero finalmente foi abatido en 2011 durante unha operación estadounidense dirixida á súa casa. Deste xeito, o obxectivo inicial de Estados Unidos -a liquidación do réxime talibán- logrouse en gran medida a finais de 2001.

Eufóricos pola súa rápida vitoria sobre os talibán, os estadounidenses cometeron un erro estratéxico de incalculables consecuencias. Xa enredados na lameira afgá, lanzaron operacións militares en Iraq en 2003 para dismantelar o réxime de Saddam Hussein. Mentres que España (José María Aznar), Portugal (José Manuel Barroso) e Gran Bretaña (Tony Blair), países coñe-

cidos como o Trío dos Azores<sup>4</sup>, aliñáronse coa política de George Bush, Francia, Alemaña e Bélxica opuxéronse a este novo paseo bélico. Estados Unidos ignorou as advertencias franco-alemás e mesmo ridiculizou a estes países da «Vella Europa», rompendo a cohesión da OTAN.

Cando Estados Unidos invadira Iraq, fixérao de forma fulminante e, moi rapidamente, o réxime de Saddam Hussein foi desmantelado, o exército iraquí foi disolto, o país quedou devastado e a perda de vidas foi considerable.

Para xustificar a invasión, Estados Unidos usou pretextos falaces, especialmente que Iraq posuía armas de destrución masiva e tiña relacións con Al Qaida, e xustificou a súa invasión pola necesidade de democratizar Iraq. Trátase da famosa teoría da «creación destrutiva» (en inglés, *destructive creation*), querida polos neoconservadores estadounidenses, resumida como un destruímos para construír mellor.

Sabemos o que pasou despois. Iraq está desangrado, mazado, a súa sociedade está esnaquizada e o país no seu día foi o máis laico da rexión, está agora dividido entre comunidades étnicas e relixiosas. Trátase dun terreo fértil para a aparición de grupos yihadistas, como o terrible Estado Islámico (EI ou Daesh), que proclamou o califato en Mosul en 2014 e estableceu o Emirato Islámico. O Estado Islámico, que controla unha zona tan extensa como as Illas Británicas, está a facerse famoso polas súas espantosas masacres, as súas repulsivas execucións públicas e os seus mortíferos atentados en Europa. Está claro que as advertencias de Chirac e Schroeder resultaron proféticas, pero non chegaron a nada.

O recordo deste triste episodio de Iraq é simplemente para lembrar a fe inquebrantable de Estados Unidos na primacía da forza, a súa afección misioneira baseada no «destino manifesto» e a súa convicción (a pesar de verse desmentida polos feitos) de que a violencia estrutural das sociedades orientais só se debe á mala gobernanza dos Estados e non ás inxustizas sociais e os desequilibrios globais. Tamén serve para demostrar o erro de pensar que a democracia se pode exportar con tanques e mísiles. Este erro foi descaradamente obvio no caso de Iraq, pero repetiuse en Afganistán, coas consecuencias que coñecemos.

De feito, en canto se desmantelou o réxime talibán, Estados Unidos instalou un goberno dirixido por Hamid Karzai. Máis tarde, estableceuse outro goberno dirixido por Ashraf Ghani, quen inclúe a líderes tribais, señores da guerra, antigos muxahidins que loitaran contra a Unión Soviética. Mais non importa se a fachada democrática se mantén mentres se celebran as eleccións, pois construción do Estado está en marcha e é motivo de celebración.

Semella que o país rexurde das cinzas: a alfabetización está a aumentar, as mulleres séntense máis protexidas, especialmente nas zonas urbanas, e a urbanización desenvólvese a un ritmo desenfreado (Cabul pasa de ter 600. 000 habitantes en 2001 a seis millóns en 2021). En vinte anos, a poboación duplicouse, subindo de 18 a 40 millóns, e a esperanza de vida aumentou 10 anos, de 55 a 65 anos. O país está a construír un exército de 350.000 soldados, mais case todo o orzamento afgán procede dos doantes. Invístense enormes sumas de diñeiro no financiamento da policía e o exército, así como na construción de estradas, escolas e hospitais, pero gran parte deste diñeiro lévano os contratistas locais, as empresas estranxeiras ou os coñecidos

4 Special inspector general for Afghanistan reconstruction, Maio 2021, citado por Alexis Bautzmann (baixo a dirección de) Atlas Géopolitique mondial 2022, Editions du Rocher/Areion Groupe, Paris, 2021, páx. 123

«contratistas privados» estadounidenses. Durante os vinte anos de ocupación estadounidense, calcúlase que a guerra custou, como mínimo, 2 billóns de dólares, máis do 60 % dos cales se gastaron en Estados Unidos.

A ocupación certamente é dura e custosa, pero todo parece ir ben. Ou case todo, porque o custo en vidas humanas é desorbitado: 67.500 policías e soldados afgáns, 47 245 civís afgáns, 2318 soldados estadounidenses, 1144 soldados de países aliados, 444 humanitarios e 72 xornalistas<sup>5</sup>.

Con todo, os talibán non están derrotados, senón ben establecidos nas zonas rurais e ben escondidos nos seus refuxios montañosos, onde acosan ás forzas de ocupación e ás forzas regulares. A pesar dos 86.000 millóns de dólares gastados pola coalición internacional para adestrar e equipar ao exército afgán, a seguridade do país non está garantida.

Cansado dunha guerra que nunca termina (*forever wars*), Estados Unidos decide retirar as súas tropas, o que se pospuxo varias veces e finalmente levouse a cabo en agosto de 2021. Poderíase pensar que esta retirada estaría preparada, organizada e graduada, pero nada diso, pois prodúcese nun estado de desorde, converténdose nun desastre. O espectáculo do aeroporto de Cabul é penoso e, en moitos sentidos, humillante para a coalición internacional, e peor aínda, os civís e soldados son evacuados baixo os ollos e a vixilancia dos talibáns.

Os expertos militares estadounidenses sospeitaban que os talibán non tiñan intención de permanecer inactivos. Así que a administración Trump comezou as conversacións con eles en Doha, Qatar, en febreiro de 2020. As conversacións conduciron ao acordo do 29 de febreiro de 2020. O 10 de marzo de 2020, unha resolución do Consello de Seguridade (Resolución 2513), votada por unanimidade polos 15 membros, aprobou o Acordo de Doha, o que era unha esixencia dos negociadores talibáns e desta forma, ao falar directamente con eles e marxinar ao goberno de Ashraf Ghani, os estadounidenses comprenderan quen serían os futuros amos de Afganistán.

Por iso, o presidente Trump quere saír da lea afgá sen demasiados danos antes da data límite das eleccións de novembro de 2020. Para maior tranquilidade, Estados Unidos está a fomentar as conversacións interafganas en outubro de 2020 para ratificar, por así dicilo, o acordo do 29 de febreiro cos talibáns. Con todo, as conversacións convertéronse nun diálogo de xordos, xa que os talibáns non recoñeceron a lexitimidade do goberno de Cabul. A finais de 2020, Estados Unidos ten claro que os talibáns continuarán a súa ofensiva militar, mais ninguén pensa, a principios de 2021, que a ofensiva será tan rápida e fulminante e que o exército oficial se evaporará así.

De feito, para sorpresa de todos, o 15 de agosto de 2021, os talibán entraron triunfalmente en Cabul, case sen loitar e sen atopar ningunha resistencia. As imaxes da caótica retirada e de multitudes asustadas tentando subir a un avión no aeroporto de Cabul, quedarán para sempre gravadas na memoria da xente, lembrando tristemente a fuxida dos soldados estadounidenses de Saigón, ao final da guerra de Vietnam, cincuenta anos antes.

Hai varias razóns para o desastre estadounidense, das que se poden escoller varias. A primeira é a falta de comprensión da complexidade de Afganistán. O xeneral estadounidense Mc Chrystal, comandante das forzas da OTAN entre 2009 e 2010, admitiuno, sen reviravoltas,

5 Talibán es un estudioso de las Escuelas religiosas

diante do Consello de Relacións Exteriores, o 7 de outubro de 2011: «Non coñecemos Afganistán... a maioría de nós, incluído eu mesmo, tiñamos un coñecemento máis que superficial da situación e mesmo da historia afgá»<sup>6</sup>.

A segunda razón atópase no fracaso do *state-building* (construción do Estado), o obxectivo declarado da invasión estadounidense polo menos ata 2014. Certamente, creáronse institucións e celebráronse eleccións, pero todo o sistema ideado por Estados Unidos está infestado de corrupción endémica. O diñeiro estadounidense e europeo enriquece a unha elite cleptómana e a xenerais corruptos. Dos 350.000 soldados rexistrados oficialmente, polo menos 150.000 son soldados pantasma, pero os xenerais e oficiais están a cobrar os seus salarios, que son de moeda contante y sonante. Isto explica a facilidade e rapidez coa que os talibáns entraron en Cabul. Non só se evaporou o exército oficial, senón que mesmo o presidente, Ashraf Ghani, fuxiu a un país do Golfo, probablemente co seu botín.

Así, o 15 de agosto de 2021, os estadounidenses e os seus aliados fóronse e os talibáns volveron. Quizáis mataron a Bin Laden, pero Al Qaida segue presente. No referente ao Estado Islámico de Jorasán, xa comezou o seu labor de socavamento co sanguento atentado no aeroporto de Cabul e en Iraq, a ocupación estranxeira creou a monstros.

O futuro de Afganistán baixo os talibáns é incerto, pero é verdade que son os que presiden agora o destino dun país ao bordo da quebra e a fame negra. Aínda que o goberno talibán di que quere transcender as divisións étnicas e inclúe a membros dos principais grupos étnicos afgáns, sobre todo taxicos, turcomanos e hazaras xiítas, son os paxtúns forman a columna vertebral do goberno.

Para ser recoñecidos pola comunidade internacional, os talibáns utilizan un discurso máis puído e sofisticado e multiplican as súas garantías de que non volverán ás desastrosas prácticas do primeiro goberno talibán de 1996. Porén, as primeiras medidas adoptadas non son nada tranquilizadoras e non auguran nada bo: peche de escolas para nenas, exclusión das mulleres do mercado laboral, caza de bruxas, liquidación de opositores, etc.

Dentro da catastrófica situación económica, aos talibáns non lles interesa deixar que os xihadistas operen desde o seu territorio. De feito, comprometéronse no seu acordo con Estados Unidos a non converter Afganistán nun «santuario para os yihadistas», compromiso que se reiterou moitas veces desde entón. Existen numerosas dúbidas de que se manteña esta promesa a longo prazo, a xulgar polo despregamento na fronteira con Tadxiquistán de miles de *istish-haadi* (candidatos ao martirio), dispostos a cometer atentados suicidas<sup>7</sup>.

## 5. Cuestión xeopolítica

Moitos observadores coinciden en cualificar o regreso dos talibáns e a retirada desordenada de Estados Unidos e os seus aliados como unha «derrota estratéxica»<sup>8</sup>. Pódese cuestionar se tras a calamitosa intervención en Iraq, o desastre de Afganistán anuncia o declive da influen-

6 Citado por George Lefeuve en *Diplomatic*, nº.111, setembro-outubro 2021, páx. 94.

7 Atal Ahmadzai: «*Why the Taliban still love suicide bombing*» en [www.foreignpolicy.com/2021/12/07](http://www.foreignpolicy.com/2021/12/07).

8 Alexandra de Hoop Scheffer; «*Le reprise du pouvoir par les Talibans et une illustration cinglante du monde post-américain qui se dessine*», en *Le Monde*, 1 agosto 2021.



cia e a credibilidade de Estados Unidos na rexión e no mundo. Moitos analistas informados pensan que si e xa hai dous cambios perceptibles.

En primeiro lugar, produciuse un reenfoque sobre o propio territorio americano pois, en efecto, obsérvase entre os estadounidenses unha crise de confianza no excepcionalismo do seu país e unha especie de «fatiga bélica», un cansazo das interminables guerras afastadas que dilapidan considerables recursos humanos e financeiros, e desa chamada «promoción da democracia» que substitúe aos tiranos por cleptómanos. Este cansazo do pobo estadounidense xa se pode ver na negativa do presidente Obama a participar directamente nas operacións da OTAN en Libia en 2011. Como sinala Scheffer, «a famosa política de “liderar desde atrás” provén das leccións aprendidas en Iraq e Afganistán»<sup>9</sup>.

